Actividades actuais nos centro de ensino

Última actualización Luns, 22 de Novembro do 2010

Organizan: Servicios da Mancomunidade Terra de Celanova

Actividades que se están a desenvolver nestas datas nos diferentes centros de ensino da Mancomunidade Terra de Celanova :

• "Ponlle nota ó teu Corpo" Valoración da condición física

Organiza: Unidade de Concellos Saudables

O que se pretende con esta actividade é coñecer o estado individual das capacidades físicas dos alumnos, o que nos permite diagnosticar ou calificar o seu estado de forma, así coma detectar dunha maneira precoz calquer tipo de problema

Obxetivos: Tomar coma referencia os resultados obtidos nas probas para planificar a mellora da condición física.

Diagnosticar o nivel de actividades motrices de cada individuo

• "Botellas do Tempo"

Organiza: Servicio Educación familiar. Área de Organización do tempo

Obxetivos: reflexar visualmente a distribución que cada un fai do seu tempo durante unha semana.

Permitir unha toma de conciencia sobre a forma en que se utiliza o tempo

Promover a mellor distribución do tempo en beneficio de actividades mais útiles para o desenvolvemento persoal

• "Bullyng"

Organiza: Servicio do C.I.M

Obxetivos: facilitar que o alumnado explore o tema do maltrato entre iguais por eles mesmos

Adquirir coñecementos que permitan actuar ante situacións de acoso escolar, tanto dende a prevención como dende o tratamento e modificar conductas violentas por parte de calquera dos protagonistas.

• "Módulos de Igualdade"

Organiza: Servicio do C.I.M

Obxetivos: Introducir no alumnado o concepto de igualdade de xénero e de igualdade de oportunidades.

Dar a coñecer ó alumnado a igualdade de oportunidades dentro dos ámbitos laboral e social.

Concenciar á todo os participantes da incorporación laboral a determinados traballos que por un lado están masculinizados e outros son de clara tendencia feminina